



**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN: PROYECTO DE LUCHA CONTRA LA VIOLENCIA DE
GÉNERO PARA CORISTANCO**

EXPEDIENTE: 2021/X999/000981

ANTECEDENTES:

O obxecto do presente proxecto é sensibilizar e concienciar a poboación sobre a necesidade de unirse contra a violencia de xénero así como dar visibilidade en toda a súa crueza as terribles consecuencias que pode ter mirar para outro lado.

O Concello de Coristanco, a través da Concellería de Cultura, únese o 25 de novembro á conmemoración do “Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller”, coa campaña “Nin una cadeira máis baleira”, e a tal efecto convoca un concurso de fotografía.

O día 11.11.2021 apróbouse a memoria xustificativa e a providencia de inicio do proxecto “ NIN UNHA CADEIRA MÁIS BALEIRA”.

Con data 12.11.2021, Intervención informou da existencia de crédito suficiente por importe de 350,00€ na partida orzamentaria 2021.231.48000 do Orzamento do Concello de Coristanco para o ano 2020 prorrogado para o ano 2021.

Examinada a documentación que acompaña, visto e de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local; e artigo 40 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro , polo que se aproba o Regulamento de Organización , Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,



RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras do concurso de fotografía “NIN UNHA CADEIRA MAIS BALEIRA” co seguinte contido:

“BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE FOTOGRAFIA “NIN UNHA CADEIRA MAIS BALEIRA”

PRIMEIRA –

O Concello de Coristanco, a través da Concellería de Cultura, únese o 25 de novembro á conmemoración do “Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller”, coa campaña “Nin una cadeira máis baleira”, e a tal efecto convoca o concurso de fotografía.

SEGUNDA –

É o obxecto do concurso de fotografía “Nin una cadeira máis baleira” reflectir nas imaxes a simboloxía seguindo o emblema da III edición da campaña “Nin una cadeira máis baleira” e sensibilizar a poboación sobre a necesidade de unirse contra esta lacra, para crear una sociedade máis respectuosa, saudable e igualitaria, libre de violencias.

TERCEIRA –

Poderá participar no concurso, de forma individual, calquera persoa de calquera idade e nacionalidade, residente no Concello de Coristanco. En caso de persoas menores de idade, deberá axuntarse no formulario de inscrición a autorización, da nai/pai ou titor legal, para poder participar no concurso firmado polo representante legal.

CUARTA –

As persoas que desexen participar teñen que enviar a fotografía, e unha breve descrición da mesma, a través do formulario (Anexo I) que estará dispoñible na páxina web municipal ou de forma presencial se lle facilitará no Edificio de Servizos Múltiples, no que se dará o consentimento para a reprodución, edición e exhibición da imaxe por parte do Concello de Coristanco en calquera medio ou publicación.

Habilitarase a posibilidade de realizar a inscrición de xeito presencial no Edificio de Servizos Múltiples do Concello de Coristanco, entregando a fotografía que se presenta a concurso xunto co formulario de inscrición, (Anexo I).

Os fotografías orixinais que se presenten a concurso de xeito presencial serán dixitalizadas e devoltas as persoas que participen unha vez finalizado o concurso.

O prazo para enviar fotografías comeza o próximo 15 de novembro de 2021 e finaliza o 19 de novembro de 2021, as 12:00 h.

QUINTA –

Os premios serán os seguintes:

Outorgaranse tres premios ás tres fotografías que obteñan máis “me gusta” no Facebook do Concello de



Coristanco, dende o día 19 de novembro ata o 23 de novembro ás 10:00 horas. Os premios outorgaranse polo número de “me gustas” sendo o 1ª premio o que máis “me gustas” obteña.

- 1º premio: 200€
- 2º premio: 100€
- 3º premio: 50€

SEXTA –

A listaxe de persoas premiadas publicarase no Facebook do Concello de Coristanco e na páxina Web do Concello (www.coristanco.gal) o día 25 de novembro de 2021.

SÉTIMA –

As persoas participantes no concurso fotográfico, polo mero feito de selo, garanten ao Concello de Coristanco que son titulares dos dereitos de propiedade intelectual das fotografías coas que concursan, e manifestan que solicitaron expresa autorización daquelas persoas cuxa imaxe ou aparencia sexa plasmada nas fotografías presentadas.

As persoas participantes no concurso fotográfico, polo mero feito de selo, ceden ao Concello de Coristanco, a título gratuito, e por un prazo máximo de 5 anos, os dereitos de imaxe, reprodución e comunicación pública das fotografías que presenten, podendo o Concello de Coristanco, durante o devandito prazo, utilizar as fotografías, sempre no ámbito das súas competencias.

As persoas autoras conservarán, en calquera caso, os dereitos para facer que se recoñeza a súa condición de tales, e á integridade das súas obras, de forma que o Concello de Coristanco non poderá modificar ou alterar as obras sen o consentimento da persoa autora.

OITAVA –

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases



ANEXO I

A) TÍTULO DA OBRA:

B) BREVE DESCRICIÓN DA OBRA (Describilala como máx. en 500 palabras)

C) AUTORÍA DA OBRA

NOME E APELIDOS:

DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN (NIF/DNI/PASAPORTE/OUTROS):

SEXO: _____ DATA DE NACEMENTO: _____

DOMICILIO: _____

TELÉFONO: _____ CORREO ELECTRÓNICO: _____

**AUTORIZACIÓN DO REPRESENTANTE LEGAL, NAI, PAI OU TITOR/A LEGAL PARA A PARTICIPACIÓN
DE NENAS, NENOS, MOZAS E MOZOS DE MENOS DE 18 ANOS**

Eu, D/D^a: _____

Co seguinte DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN (NIF/DNI/OUTROS):

AUTORIZO a:

como representante legal, nai, pai ou titor/a legal e consinto a súa participación no concurso de fotografía
"Nin una cadeira máis baleira"

"



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

exp. 2021/G003/001094